

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e catro de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1197).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1198).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS”. EXPEDIENTE 16073/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 24.10.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e o Interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en inglés" por procedemento aberto, aprobado en data 13 de xuño de 2014 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación por concurso aberto da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun high school "Vigo en inglés", aprobado en data 13 de xuño de 2014 (PPT).*

ANTECEDENTES

En data 24 de outubro de 2014, o técnico do servizo de Educación municipal, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "Vigo en Inglés", por canto pola demora ocasionada na tramitación do expediente pola interposición dun recurso especial en materia de contratación contra o acto de adxudicación deste procedemento, deveu imposible o prazo de execución do contrato previsto para a anualidade 2014, resultando preciso adaptar este consonte a data de formalización do contrato, 6 de outubro de 2014, así como os pagos correspondentes a citada anualidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- En data 13 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, acordou "Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "Vigo en Inglés" por procedemento aberto", así como a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 8 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local, acordou "Adxudicar a NEW LINK EDUCACION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión,

organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés”.

Terceiro.- En data 28 de agosto de 2014, D. Jesús Sanz Sanz, en nome e representación da mercantil SHE-HERENCIA, S.L., a sazón, licitador no citado procedemento, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordando adxudicar á mercantil NEW LINK EDUCACION, S.L. o citado contrato. A interposición do recurso contra o acto de adxudicación conleva a suspensión do procedemento por imperativo legal (artigo 45 TRLCSP).

Cuarto.- En data 3 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou un informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por She-Herencia contra o acto de adxudicación no que se acordaba solicitar ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais o levantamento da medida cautelar de suspensión da tramitación do procedemento.

Quinto.- En data 15 de setembro de 2014, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, resolveu manter a medida cautelar de suspensión do expediente de contratación ata a resolución do recurso.

Sexto.- En data 26 de setembro de 2014 o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, en Resolución nº 718/2014 (Recurso nº 705/2014 C.A. Galicia 091/2014) acordou: “Desestimar o recurso interposto por D. Jesús Sanz Sanz, en representación da empresa SHE-HERENCIA, S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo pola que se adxudicou o Contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés”; e igualmente deixar sen efecto a suspensión do procedemento de contratación acordada, de acordo co disposto no artigo 47.4 do TRLCSP.

Sétimo.- En data 6 de outubro de 2014, formalizouse o contrato con NEW LINK EDUCACION, S.L.

Oitavo.- O obxecto do presente contrato é a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés” (apartado 2.A da FEC do PCAP). Este período será de tres semanas, que estarán comprendidas entre a primeira quincena de setembro e a primeira semana de outubro para cada ano de contrato (cláusula 4.2 PPT).

No entanto, dado que o contrato non se puido formalizar polas razóns expostas ata o día 6 de outubro de 2014, resulta imposible executar o programa nas datas previstas no PPT.

Así mesmo, a forma de pago do contrato axústase a este período de execución. O réxime de pagamento previsto no apartado 12 da FEC é o seguinte:

- Primeiro pago do 25% (mes agosto): en concepto de recrutamento de monitores/as, xornadas de formación monitores/as, póliza de seguros, viaxe de prospección, materiais auxiliares e didácticos, camisetas do alumnado, curso de mellora e perfeccionamento de lingua inglesa, mantemento e actualización da páxina web, gastos xerais de xestión e varios (información e asistencia a participantes e familias, xuntanzas informativas familias, mensaxería ...).

- *Segundo pago do 25% (mes setembro): en concepto de voos, traslados en destino, gastos monitores/as (teléfono, internet, uniformes ...) e outros gastos varios (información e asistencia a participantes e familias ...).*
- *Terceiro pago do 50% (mes de novembro): en concepto de aloxamento e manutención do alumnado, servizo de coordinación local e integración escolar en cidades de destino, programa de actividades en destino, soldo-aloxamento-manutención monitoraxe, visita inspección, varios (información e asistencia a participantes e familias, bonos transporte alumnado e monitoraxe, diplomas participantes, acto entrega diplomas ...).*

En consecuencia, sería preciso modificar os prazos de pago previstos para a anualidade 2014.

O técnico do servizo de Educación, en data 24 de outubro de 2014, informa que tras realizar rolda de contacto coas equipas directivas dos centros educativos de Vigo que aportan alumnado participante ao programa, para tentar consensuar o período de estadía menos lesivo academicamente, se estima que a data máis idónea é o mes de decembro. Comunicada esta circunstancia ó contratista, este manifesta na "Memoria técnica revisada" presentada no Rexistro Xeral deste concello en data 21 de outubro de 2014, a dispoñibilidade de vos para a realización do programa nesa data. En consecuencia, o técnico solicita que se realicen as seguintes modificacións no contrato:

- 1. O período de execución do contrato na anualidade 2014, estando este comprendido entre a segunda quincena do mes de novembro e a segunda quincena do mes de decembro.*
- 2. Os prazos de pago previstos para a anualidade 2014, que serán os seguintes:*
 - Primeiro pago do 25% (mes de outubro): En concepto de recrutamento de monitores/as, xornadas de formación de monitores/as, póliza de seguros, viaxe de prospección, materiais auxiliares e didácticos, camisetas alumnado, mantemento e actualización da páxina web, gastos xerais de xestión, varios (información e asistencia a participantes e familias, xuntanzas informativas familias, mensaxería ...)*
 - Segundo pago do 25% (mes de novembro): En concepto de voos, traslados en destino, gastos varios monitores/as (teléfono, internet, uniformes ...), varios (información e asistencia a participantes e familias ...)*
 - Terceiro pago do 50% (mes de decembro): En concepto de aloxamento e manutención alumnado, servizo de coordinación local e integración escolar en cidades destino, programa de actividades en destino, curso de mellora e perfeccionamento lingua inglesa, soldo-aloxamento-manutención monitoraxe, visita inspección, varios (información e asistencia a participantes e familias, bonos transporte alumnado e monitoraxe, diplomas participantes ...)*

Finaliza o citado informe manifestando que "os cambios citados con anterioridade non afectan nin alteran ás condicións esenciais do contrato (...) únicamente supoñen un reenfoque e encaixe no novo período de prestación do servizo que se propón, e non implican variación algunha no prezo para este primeiro ano do contrato".

Noveno.- Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP e na cláusula 2.1 do PPT.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). No caso que nos ocupa o prego so prevé a modificación do contrato cando concorra a seguinte circunstancia que “a demanda de prazas para o programa supere ou non acade o número de prazas ofertadas”, suposto no que se admite “o incremento ou diminución do número total de alumnos/as beneficiarios/as” (apartado 16 da FEC). En consecuencia, o presente contrato so poderá modificarse aplicando o artigo 107 do TRLCSP.

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- *Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).*
- *Limites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:*
 - a) *Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.*
 - b) *Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.*

- c) *Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.*
 - d) *Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.*
 - e) *En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.*
- *Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Neste caso, existe conformidade do contratista á modificación, posto que a solicita na memoria técnica revisada presentada en data 21 de outubro e non resulta necesario informe do Consello Consultivo en función do prezo do contrato.

A modificación, tal e como expresa o citado informe do técnico de educación, non afecta as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato

Esta modificación non afecta ó prezo do mesmo, polo que non resulta necesario compensar ó contratista.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Décimo.- Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Undécimo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar as modificacións do contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés”consistentes en:

- 1. O período de estadía dos alumnos no destino previsto na cláusula 4. 2 do prego de prescricións técnicas estará comprendido entre a 2ª quincena de novembro e a 2ª quincena de decembro.*
- 2. Os prazos de pago previstos no apartado 12 da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares para a anualidade 2014 serán os seguintes:*
 - Primeiro pago do 25% (mes de outubro): En concepto de recrutamento de monitores/as, xornadas de formación de monitores/as, póliza de seguros, viaxe de prospección, materiais auxiliares e didácticos, camisetas alumnado, mantemento e actualización da páxina web, gastos xerais de xestión, varios (información e asistencia a participantes e familias, xuntanzas informativas familias, mensaxería ...)*
 - Segundo pago do 25% (mes de novembro): En concepto de voos, traslados en destino, gastos varios monitores/as (teléfono, internet, uniformes ...), varios (información e asistencia a participantes e familias ...)*
 - Terceiro pago do 50% (mes de decembro): En concepto de aloxamento e manutención alumnado, servizo de coordinación local e integración escolar en cidades destino, programa de actividades en destino, curso de mellora e perfeccionamento lingua inglesa, soldo-aloxamento-manutención monitoraxe, visita inspección, varios (información e asistencia a participantes e familias, bonos transporte alumnado e monitoraxe, diplomas participantes ...)*

2º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

3º.- Notificar o presente acordo ó contratista, NEW LINK, S.L.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.